

tuales, poco frecuente en el género de las narraciones, en tanto que la lectura de esta singular historia mantiene la capacidad de producir sólidos efectos, impresiones emocionales de una vigencia inusual.

Es particularmente llamativo el hecho de que la narración, tan íntima y personal en algunos aspectos, haga posible que surja entre el autor y el lector un convencimiento tácito sobre la finalidad real del viaje, en cuanto que desgranar sus contenidos convence al receptor de que en realidad dicho viaje no es más que la búsqueda simbólica de uno mismo y su auténtica personalidad, enmarcada, eso sí, en un contexto feérico-natural incomparable, que en muy contadas ocasiones ha encontrado competencia, como es el Camino de Santiago desde el País Vasco-Francés a la ciudad de Santiago de Compostela atravesando todo el norte peninsular.

Paulo Coelho, conocedor de la mística religiosa que envuelve la atmósfera del Camino y una vez realizado este fantástico e inspirado peregrinaje por él mismo en 1986, narra la aventura imprevista de un hombre que no sabe que el viaje que emprende es, en realidad, el escalón iniciático que le permite alcanzar sus sueños y alcanzarse a sí mismo. Para ello, Coelho abre todo un universo, no ajeno al espíritu gallego mágico por antonomasia, de nuevas percepciones de la realidad, sensoriales y, a un tiempo, simbólicas y sobrenaturales. Utiliza todos aquellos recursos culturales que le ofrece el Camino de Santiago y fusiona la fenomenología medieval con las expresiones reveladoras de una realidad vital, idealmente evocada y físicamente sentida.

La sensibilidad de este plurifacético escritor brasileño —la novela, el periodismo y el teatro pueden encontrarse entre algunas de las actividades más creativas de su curriculum— se manifiesta en *Diario dun mago* en su particular visión del mundo que le rodea, donde nuevas entidades de los conceptos ser, sentir o incluso amar se traducen en conocimiento por la experiencia adquirida en el peregrinaje. Es lo que el propio Coelho denomina *a lenda persoal* en la búsqueda que cada ser humano emprende a lo largo de su vida.

Es seguro que la publicación en gallego de este peregrinaje brasileño de hace más de una década, a las oportunas puertas de la celebración del esperado año *Xacobeo*, enriquecerá fructíferamente la imaginación de todo aquel que emprenda el Camino acompañado de alguna otra guía que le señale dónde descansar sus huesos y calmar su apetito, amén de satisfacer sus necesidades físicas y espirituales más elementales.

Diario dun mago o, lo que es lo mismo, *O peregrino a Compostela* forma parte de ese conjunto heterogéneo de publicaciones, bien halladas, que se ven fomentada por la indescribible fiesta del Apóstol a los pies de su catedral, por las inversiones turístico-culturales de la Xunta de Galicia y las editoriales varias y por el interés universal de un recorrido sin par. Si el cicerone de este penitente caminar es el relato de Paulo Coelho se puede afir-

mar, sin temor a equivocarse, que cada peregrino goza del privilegio de encontrar, en su lectura, la hechicera compañía de una experiencia mágica en cada paso, en cada monte o en cada peñasco del prometedor Camino de Santiago.

MARÍA DEL MAR LÓPEZ VALERO

DURÁN, Xosé: *Roberto Blanco Torres, xornalista e poeta*, Galaxia Árbore, Vigo, 1999, 104 pp.

A conmemoración do Día das Letras Galegas —calquera data conmemorable, hoxe en día— vén sendo unha boa excusa para que as editoriais enchan as librerías de publicacións de todo tipo acerca do autor elixido ou homenaxeado. Mais toda a produción que xurda este ano 1999 con este motivo ha de ser benvida, ó tratarse máis dun «rescate» que dunha conmemoración: o da vida e a obra de Roberto Blanco Torres (Cuntis, Pontevedra, 1981-1936), un escritor para moitos descoñecido. Chéganos da man do xornalista Xosé Durán unha amena e sinxela biografía do escritor cuntese, publicada por Galaxia na serie «Letras Galegas» da colección Árbore.

Xosé Durán, autor desta biografía, é licenciado en Ciencias Químicas e xornalista. A maior parte da súa actividade profesional está vencellada ós mundos da radio e da televisión, pero foi quizais a súa faceta de xornalista e escritor a que o levou a escribir esta biografía. *«Roberto Blanco Torres, xornalista e poeta»* é unha obra escrita coa necesidade do xornalista de da-la información dunha forma rápida, amena e ben documentada, ó que se engade, neste caso, a manifesta admiración e o respecto que o autor sente polo que é o seu paisano. A narración vai percorrendo a vida de Blanco Torres desde a súa nenez ata o seu asasinato, acaecido en 1936 en terras ourensás, nos primeiros meses da Guerra Civil.

É a de Xosé Durán unha narración biográfica aberta ó gran público, ó lector que busca máis un achegamento á figura e ó tempo de Blanco Torres que unha obra de maior profundización e peor acceso. Durán crea algo semellante a unha *«biografía xornalística»*; recorre, para osixena-lo relato, ós recortes de prensa, á introducción de anécdotas e dalgúns —poucos— dos versos de Blanco Torres: o lector atopa nesta obra un magnífico retrato de época do xornalismo galego, do que foi sobranceiro Blanco Torres, mais dificilmente vai atopar nela a poesía, senón nun breve capítulo que Durán dedica a esta faceta do escritor, ou nalgunha das citas que encabezan os capítulos. O lector decátase de que o de *«poeta»* no subtítulo do libro é máis unha boa intención que unha realidade. Haberá que acudir a outros títulos de Galaxia para coñecer-la traxectoria poética —curta, mais non por iso menos interesante— do autor de *«Orballo de media noite»*.

Pero é que como di o mesmo Blanco Torres «*Pra coñecer ben a obra dun poeta n-hay millor que saber da súa vida*». Estas son as primeiras liñas do libro que, xunto coas últimas «*O voso primeiro deber é o amor a Galicia, partindo do sagro amor á súa liberdade*», sintetizan dun xeito dificilmente superable a traxectoria literaria –e non só literaria senón tamén a humana– de calquera poeta ou escritor.

Un xornalista-poeta (ou un poeta-xornalista, que a estas alturas da película inda non se sabe quen foi primeiro) que fala de *deberes*, é unha «rara avis», ou así nolo parece nos tempos que corren. Mais, obviamente, non era un de tantos, porque tampouco, nin onte nin hoxe, é cousa fácil atopar un xornalista coa fondura e o calado interior suficiente como para querer coñecer de veras a vida a través do amor á liberdade e ás raíces.

«Píxolle [o pai] ó futuro escritor en total dez nomes. Deste xeito pretendía dar a entender que se trataba do pechacancelas da familia, que xa non habería un décimo fillo» (p. 7)

Debeu de ser –foi, sen dúbida– alguén que sabía ou polo menos ventaba que, á fin de contas é a verdade –a verdade do encontro radical cun mesmo, no máis fondo interior da propia conciencia– a que fai libre ó ser humano, chámese Pechacancelas ou Roberto Blanco Torres. Eso si, a través do marabilloso, imprescindible e irrenunciabile orballo da liberdade, que en parte lle foi arrebatada un amencer de 1936. Só en parte, porque como di Marguerite Duras «*todo o que un escribe é algo que lle vén arrebatado á morte. E a morte resulta mutilada por cada poema escrito, lido, por cada libro rematado...*»

*¡Verdá, verdá, da liberdá meliza,
sublime airón, enséñala luminosa!
¡Cando todo no entorno se esnaquiza,
ízala ó cume é unha misión gloriosa!*

R.B.T. (p. 43)

Xosé Durán estrutura a narración en trece capítulos, os once primeiros estritamente biográficos e os dous últimos dedicados a «recupera-la memoria» e creba-lo inxusto silencio ó que estivera condenada a vida e a obra de Blanco Torres.

Os primeiros capítulos falan dos anos en Cuntis, da familia numerosísima de Roberto, un rapaz que non foi á escola pero que recibiu ensinanzas da súa nai, mestra do lugar, e latín e grego do seu pai (que fora sacerdote mais nunca chegara a dicir misa ó casar coa mestra, nai dos seus nove fillos). Roberto ós sete anos lía os contos de Grimm e de Andersen. Un rapaz así, que polas noites, á luz do candil, lle relataba os sucesos do xornal á criada, non podía ser un rapaz máis. A vida fíxolle madurar moi pronto e ó morrer o pai emigrou a Cuba onde vivía e medraba o seu irmán, Mundo. Contaba

quinze anos. Xosé Durán pasa con detemento polos anos de estancia en Cuba, onde se desenvolveu a súa xuventude, onde coñeceu a escritores e xornalistas do tallo de Curros Enríquez, Antón Villar Ponte ou Ramón Cabanillas, onde comezou a escribir e a senti-lo galego como algo propio, e os problemas de Galicia como algo moi seu.

A volta de América aconteceu no 1916, e o relato transcorre pola historia do xornalismo e da política galega de primeiros de século. Daquela xa andaba Blanco Torres comprometido con todo o que consideraba moralmente reprochable, e escribía nos xornais *O Noroeste* e *A Nosa Terra*, inda que colaboraba en tódolos medios escritos. A narración teima na nova da censura do goberno do xeneral Primo de Rivera, que o xornalista burlaba escribindo os seus artigos en latín. Neste momento tres nomes máis aparecen na súa biografía: o de Manoel Antonio, Rafael Dieste,... e Xulia Sánchez Novoa, a muller con quen casa en 1926.

«Resultaba un elemento incómodo en calquera redacción o xornalista de Cuntis, co seu ánimo ético sempre presente, coa denuncia sistemática da corrupción e da incapacidade de moitos políticos para resolver os problemas do pobo» (p. 53)

Tan incómodo que vén desterrado por causa dun preito co propietario de *El Pueblo Gallego*, Portela Valladares, e marcha a Ourense. Foi neste tempo de desterro cando escribiu a maior parte dos poemas da súa única obra lírica, «*Orballo de media noite*». Esta obra recolle un total de trinta e un poemas divididos en dous grupos; o primeiro «amosa a súa visión universal do ser humano e do Deus creador (...) salienta a nobreza creativa da arte, a importancia moral da xustiza e da liberdade e a gloria engaioladora do amor». (Se é tal a riqueza temática desta primeira parte, resultan pouco significativos os dous poemas escollidos polo autor, «O Junco» e «O grilo a cantar»). Na segunda parte o poeta fai denuncia política e social. A obra foi acollida con admiración e interese polos seus compañeiros, que lle renderon unha homenaxe. Sitúan os críticos ó autor de «*Orballo da media noite*» na Xeración Nós, á que pertencen Manoel Antonio, Amado Carballo, Luís Pimentel, Bouza Brey, Blanco Amor, Euxenio Montes...

Continúa a narración coa militancia republicana de Blanco Torres e a celebrada proclamación da II República de Niceto Alcalá Zamora. Blanco Torres foi enviado a Palencia de gobernador, pero debido ó seu xeito de pensar non durou no posto nin seis meses.

A loita por conseguir un estatuto de autonomía para Galicia semellante ó catalán, será o afán que leve a Madrid a Blanco Torres durante o goberno de Azaña. Tras proclamarse o estado de guerra, estando el en Ourense, é conducido ó goberno militar, encarcerado e asasinado polos falanxistas pouco despois. Foi soterrado

nunha fosa común e aínda hoxe non se sabe con certeza onde está o seu cadáver.

No «a modo de epílogo» que son os dous últimos capítulos, conta Xosé Durán que foi o impulso definitivo do profesor Xesús Alonso Montero o que rescatou a Blanco Torres, ó resalta-la obra do intelectual cuntiense e ó propoñer en Xullo de 1998 que a Real Academia Galega –institución que o propio escritor contribuíra a crear ó participar en Cuba na Asociación precursora– dedicase o Día das Letras Galegas 1999 ó sobranceiro, aínda que esquecido, autor de «*Orballo de media noite*».

Sobranceiro, sen dúbida ningunha. Esquecido, nunca máis, con libros tan emotivos e verdadeiramente útiles coma este.

MARÍA DEL MAR VELASCO GONZÁLEZ

GONZÁLEZ TOSAR, Luís: *Madeira do meu canto*, Madrid, Visor, 1998, 254 pp.

A primavera do 1998 viu a aparición dun libro agardado desde había moitos anos polos amantes da boa literatura galega. O talante minucioso e perfeccionista do seu autor non permite que vexa a luz ningún verso menor, polo que nos foi ofrecendo pequenas doses do seu quefacer poético que estimularon aínda en maior medida o desexo de coñecer máis da súa variada e celmosa obra. En efecto, Chus Visor prosegue co seu inxente labor cultural e publica o volume 338 da súa recentemente galardoadada colección de poesía co título de *Madeira do meu canto* que reúne toda a produción poética que Luís G. Tosar quixo dar ó prelo (concretamente contén os seguintes libros: *A Caneiro Cheo* (1986), *Seis cánticos labrados co recordo de seis cidades mouras* (1986), *Remol das Travesías* (1989), *Campás de Recalada* (1992), e o *Cantar da Terra Meoga* (1997)). Deste xeito, os amantes da lírica de calidade poden gozar cuns libros esgotados desde había anos –era a situación de *A Caneiro Cheo* (1986) e *Remol das Travesías* (1989)– ou sorprenderse agradablemente cos poemas inéditos de *Campás de Recalada* (1992) e *Cantar da Terra Meoga* (1997). Ó mesmo tempo recolle as traducións que o propio Tosar fixo para os seus versos, feito que constitúe un auténtico exercicio estético que culmina o traballo poético dun autor. Queremos que o lector advirta e valore o esforzo que supón desliza-la palabra poética do seu contexto e transvasala a outra lingua sen que perda o valor estético e maila harmonía que sempre outorga a fala materna.

A crítica ten sinalado a miúdo que a poesía de Tosar non pode encadrarse nos parámetros ó uso. Estamos a falar dun autor que executa un labor constante e calado en prol da poesía con maiúsculas, perseguindo a palabra exacta que defina o ser e maila cerna da existencia galega.

Para falar da obra de Luís G. Tosar é indispensable saber que naceu alén do mar, na quinta provincia galega que outros chaman Buenos Aires, cidade cosmopolita na que Tosar se mergullou falando en *lunfardo* como nos conta nalgúns dos máis fermosos poemas de *Remol das Travesías* (véxanse os titulados *Palermo de Buenos Aires* e *Que vinte anos non é nada*). Este libro supón a total apertura ó mundo de Tosar, podemos segui-las súas viaxes por América (con estacións emblemáticas na Arxentina, como xa se dixo, e na illa de Cuba, retratada como a terra exuberante na que se pode rastrexala presenza galega a través de monumentos do pasado e nenos mestizos). A presenza da Europa do Leste é tamén moi importante: as chairas polacas, a cidade de Moscova pola que sobrevoa o recordo de Líster (fóra xa das rimas bélicas que lle dedicaran Machado ou Miguel Hernández, sendo agora só poesía: *vénseme á memoria Jesús Liste Forján, / un mozo canteiro de Calo, / e a emoción anúbrame a vista.*), a vella Praga inmortalizada en galego co belísimo título de *No van das abelairas*, ou Budapest e as súas lembranzas dedicadas a Xosé María Díaz Castro (poeta esencial para entende-la produción de Tosar, mestre e amigo segundo as súas propias palabras, tamén proceden do autor de *Nimbos* citas coma a que dá nome a un dos capítulos deste libro: *Unha desas voces escondidas que aínda terman deste mundo*).

A traxectoria poética de Tosar discorre afastada de grupos ou escolas literarias, polo que a súa obra resulta allea a calquera moda ou discurso pasaxeiro. Cómpre salientar neste sentido a atemporalidade da súa poesía, a mesma que distingue á arte duradeira da simple pretensión literaria que tan a miúdo vemos na poesía actual.

Ó abordámo-lo tema das viaxes, non podemos esquecer os *Seis cánticos labrados co recordo de seis cidades mouras*, boa mostra de experimentación e afastamento dos escenarios comúns da lingua e literatura galegas. Estes cánticos fan que poidamos considerar estes espazos case sempre alleos –ás veces aínda peor, chegando a ser mesmo universos inimigos– como plenamente integrados no imaxinario galego (recomendámo-la lectura do poema *Presas aquí en Meknés as andoriñas*, magnífica mestura de sensibilidades e xeitos de entende-la creación poética).

Á parte do leitmotiv da emigración e das viaxes presentes en maior ou menor grao en tódolos libros de Tosar, hai que referirse ó carácter telúrico da súa poesía. É un signo especialmente perceptible no libro *A canei-ro cheo* (repárese na tradución ó castelán deste nome: *Clavijera de agua*, froito da busca concienciada da PALABRA con maiúsculas xa sinalada ó principio desta nota. O léxico de *A Caneiro Cheo* afúndenos na paisaxe milenaria de Galicia (véxase a serie Xirarga, auténtico alarde de vocabulario e tensión lírica). Este *caneiro* poético está composto por poemas extensos, complexos, cun gran poder de evocación, nos que o lector goza co